



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PRAZAS A XORNADA COMPLETA E 1 PRAZA A XORNADA PARCIAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal a tempo completo de 4 auxiliares de axuda no fogar (3 prazas a xornada completa e 1 praza a xornada parcial) para dar cobertura á lista de espera de casos e horas concedidas da Lei de Dependencia da Xunta de Galicia para a programación anual 2019-2020.

Normativa:

- Real decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.
- Ley 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 6/2018, de 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 prorrogados a día de hoxe para o ano 2019.

2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

Contrato laboral, para a realización dunha obra ou servizo determinado a tempo completo (artigo 15 do Estatuto dos traballadores) para a realización da obra descrita no obxecto da convocatoria.

3. PUBLICIDADE

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación no Taboleiro da Sede Electrónica, na páxina web municipal, nun dos diarios de maior difusión así como bando municipal.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- a.- Ter a nacionalidade española, sin prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente o indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvaguardia dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.
- b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, acompañado de informe médico de que o aspirante está apto para realizar as funcións do posto de traballo.
- c.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d.- Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade establecidos na lexislación vixente.
- e.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos

órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

Requisitos específicos para a categoría de Auxiliar de axuda no fogar:

a.- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente. Así mesmo estar en posesión do curso de atención sociosanitaria a persoas no domicilio (con certificado de profesionalidade) ou o curso de atención sociosanitaria en institucións sociais (con certificado de profesionalidade) ou no seu defecto certificado de profesionalidade correspondente.

b.- Estar en posesión do carnet de conducir e dispoñibilidade de vehículo para poder desplazarse mediante declaración xurada.

c. Estar en posesión do carnet de manipulador de alimentos.

d. Estar en posesión do nivel de CELGA 1, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Língua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Língua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base sexta e que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

Os citados requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e manterse durante todo o proceso, así como, no seu caso, no momento da formalización dos nomeamentos ou contratos.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que haxan feito constar na súa solicitude, e unicamente poderán modificalos dentro do período de presentación de instancias.

Os restantes anuncios referidos á presente convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios.

5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, conforme modelo oficial que está a disposición na secretaría ou departamento de persoal do Concello, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na páxina web municipal en nun dos diarios de maior difusión. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba en horario de 8:30 a 14:30 horas de luns a venres, ou en calquera das formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Neste último caso, deberá remitirse xustificante de envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias ao fax do Concello 981 880716, quedando excluídos do proceso de selección os interesados que non presenten copia da instancia dentro do prazo habilitado para presentación de instancias.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do D.N.I, ou de se-lo caso pasaporte.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida e dos cursos esixidos, así como dos méritos e circunstancias alegados polo opositor/a que deban ser valorados. Deberá presentarse unha relación detallada dos méritos quen aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, xunto cos documentos acreditativos correspondentes, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento da presentación da instancia.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

c) declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas e declaración xurada do apartado b) do punto 4 "requisitos específicos dos aspirantes".

Expirado o prazo de presentación de instancias o señor Alcalde-presidente, dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello, indicarse o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as coas causas da exclusión e concederese un prazo de 2 días para que poidan formular reclamacións ou enmendar os defectos que motivasen a exclusión. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas éstas, as reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que será publicada igualmente no

taboleiro de anuncios do Casa do Concello e sinalarase a data e hora de valoración de méritos polo Tribunal. A devandita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos. De se-lo caso, si os interesados presentan toda a documentación coa instancia poderase elevar a definitiva a listaxe provisional.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema elixido será o de concurso-oposición.

FASE DE CONCURSO: Avaliaranse os méritos alegados debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

Titulacións:

-Grado de enfermería ou equivalente: 3 puntos.

-Grado en terapia ocupacional ou equivalente: 2 puntos.

-Auxiliar de enfermería-Técnico en atención a personas en situación de dependencia: 1 punto.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

Experiencia profesional

Servizos efectivos prestados como auxiliar de axuda a domicilio ou equivalente en calquera administración pública ou empresa privada: 0,10 puntos por mes de servizo completo.

A experiencia profesional deberá xustificarse:

-Traballo por conta allea: Contratos de traballo, certificados de empresa ou certificados de servizos prestados acompañados do informe de vida laboral expedido pola seguridade social para acreditar data de comenzo e data fin da relación laboral. O informe de vida laboral é obrigatorio. De non presentarse dito informe non se valorará o apartado de experiencia profesional por conta allea.

-Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.

-Traballos no extranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

Cursos realizados:

Pola asistencia a cursos de formación relacionados co posto de traballo ao que se opta, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por éstas.

- Cursos entre 20 e 50 horas lectivas: 0,20 puntos por curso.
- Cursos entre 60 e 100 horas lectivas: 0,30 puntos por curso
- Cursos de máis de 100 horas lectivas: 0,50 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 3 puntos.

Coñecemento de galego

Tamén se valorarán aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

Curso de iniciación-celga 2: 0,25 puntos.

Celga 3: 0,50 puntos

Curso de perfeccionamento- celga 4: 0,75 puntos.

Curso de especialización nivel medio ou superior: 1 punto.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de coñecemento de galego é de 1 punto.

TOTAL FASE DE CONCURSO: 10 PUNTOS.

A cualificación dos méritos na fase de concurso será previa á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal.

FASE DE OPOSICIÓN:

Os opositores que non acrediten estar en posesión do certificado da lingua galega (Celga 1) ou validación ao mesmo nivel (curso de iniciación ao galego), deberán superar unha proba de coñecementos da lingua galega (escrita) dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que comprenden e escriben o galego, ao nivel exixido, sendo sometidos ás probas que se consideren máis axeitadas. Esta proba será cualificada como de apto ou non apto; sendo necesario obter a cualificación de apto para poder formar parte da listaxe de auxiliares de axuda no fogar e poder cumprir o obxecto das presentes bases.

7.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL

De conformidade co artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal estará composto por cinco funcionarios de carreira do Concello de Santa Comba.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros.

Os membros do tribunal terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, ou no suposto previsto no artigo 13.2 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, os seus traballos, de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. Terán voz pero non voto. A designación de tales asesores terá que comunicarse á Alcaldía-Presidencia do Concello de Santa Comba.

Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Casa Consistorial do Concello de Santa Comba (praza do Concello, s/n (Santa Comba, teléfono 981880075).

O tribunal disporá que nesta sede, ao menos unha persoa, membro ou non do tribunal, atenda cantas cuestións xurdan en relación con estas probas selectivas e que servirá de apoio ao tribunal.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar que teñan superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

Os integrantes do tribunal terán dereito ó abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O

Tribunal quedará facultado para resolver todo tipo de dúbidas que se poidan suscitar durante o desenvolvemento das probas.

8.- PUNTUACIÓN FINAL

A puntuación final será a puntuación da fase de concurso.

Será necesario acadar na fase de oposición a cualificación de apto ou ben presentar durante o prazo de presentación de instancias a acreditación de estar en posesión do nivel CELGA 1 ou equivalente.

En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese a maior puntuación na fase de experiencia profesional sen ter en conta o límite da puntuación establecida na fase de concurso e de persistir éste quen acredite maior formación, sen ter en conta o límite da puntuación establecida na fase de concurso. Se aínda persistise o empate decidirase por sorteo público.

Os/as candidatos/as seleccionados/as serán as/os que obteñan as catro maiores puntuacións. Os/as tres primeiros/as

serán contratados mediante un contrato a xornada completa e o/a cuarto/a candidato/a será contratado a xornada parcial.

Rematada a selección, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na acta de sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección, tendo preferencia a bolsa de emprego habilitada ao efecto nesta categoría.

Os/as aspirantes seleccionados/as previamente a súa contratación, e no prazo de dous días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base cuarta. Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos aspirantes que obteñan as catro maiores puntuacións. O contrato formalizarase por escrito cos aspirantes seleccionados. Mentres non se formalice o contrato, os aspirantes propostos non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

10.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na 39/2015, de 1 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE SANTA COMBA con dirección en C/Pza. Concello, 1 - 15840 Santa Comba (A CORUÑA).

1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE SANTA COMBA é NÓS SOLUCIÓNS có que poderá contactar en RAMON@NOSSOLUCIONS.ES.

2.- finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para o presente proceso selectivo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse mentres se mantéña o proceso en curso e durante o tempo que marque a Lei.

3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo Art. 6.1.C do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016, Art. 5.1 Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Art. 49.D da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

4.- destinatarios de cesións: os seus datos de carácter persoal non podrán ser cedidos.

5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

Santa Comba, 17 de xullo de 2019

O ALCALDE,



Asdo.: David Barbeira García

